

Discurso fluído

Letraferidos

DOLORES MARTÍNEZ TORRES

Foi por principios, por fidelidade ás lecturas de D'Annunzio e compañía polo que o narrador do primeiro conto se alistou, de mozo, na División Azul, e acabou nunha nada gloriosa trincheira da fronte rusa; moitos anos despois, xa a punto de xubilarse coma catedrático de literatura, relátalle a un alumno o que xamais contara: o sobrehumano horror ao que sobrevivira no corazón da taiga. No segundo conto –cun ambiente de filme en branco e negro– un anódino vendedor de enciclopedias

e unha bibliotecaria co-quetean co romance, trebón sentimental que se desata nun vasiño de auga –ou de absinto, para sermos exactos–, unha chuviosa noite de Walpurgis nunha cincuenta cidade de provincias con sala de festas, baile e cea. No terceiro, un guionista decide devolver persoalmente todos os libros que lle prestaron; e así, pasados os anos, ao reencontrarse cos vellos coñecidos que ata entón só existiran coma recordos intocados, preservados e resumidos naqueles obxec-

tos, naqueles mundos que el tamén compartira –uns lectores gardados eles mesmos, coma estampas, entre as páxinas dos libros–, constata o implacable paso do tempo. Por último, o cuarto preséntase coma una conferencia sobre o feito de escribir, impartida por incómodo teórico da literatura, e finaliza cun xiro final que, de seguro, aprezaría Borges; e tamén a Orson Welles.

Apoiada nun discurso fluído e felizmente alleo a estilismos imposibles, a narración dispón con eficacia os detalles que dotan de atmosfera os escenarios. Catro contos, pois, para o entretemento, protagonizados por letraferidos, para quen os libros –lidos, escritos, vendidos, prestados ou devoltos– representan un factor determinante nas súas vidas e condicionan a súa realidade.

LÓPEZ LÓPEZ, Xabier, *Os libros prestados*, ed. Galaxia, Vigo, 2010, PVP.13, 50 €

